

Guadi Galego presenta *Síntese Horizonte*, o seu novo directo, con tres concertos exclusivos nos que se acompañará dunha portentosa banda

A cantante e compositora regresa aos escenarios galegos tras máis dun ano de ausencia cun espectáculo que presentará o 26 de xaneiro en Santiago de Compostela, o 27 de xaneiro en Ferrol e o 13 de abril en Pontevedra

As entradas para o directo *Síntese Horizonte* no Teatro Principal de Santiago están á venda desde hoxe, mentres que as do Teatro Principal de Pontevedra estarán dispoñibles a partir de mañá e as do Jofre nos vindeiros días



Cedeira, 28 de novembro de 2023.- Guadi Galego regresa aos escenarios galegos co seu novo espectáculo, *Síntese Horizonte*, unha proposta expresamente concibida para presentar, ao vivo, sobre as táboas dos teatros de Galicia. Serán tres concertos exclusivos nos que a cantante e compositora, acompañada dunha portentosa banda, ofrecerá en tres datas: o **26 de xaneiro** no Teatro Principal de Santiago de Compostela, o **27 de xaneiro** no Teatro Jofre de Ferrol e o **13 de abril** no Teatro Principal de Pontevedra, no marco do ciclo *Resoan*. As entradas para a actuación de Guadi Galego en Santiago están á venda en www.compostelacultura.gal, as de Pontevedra poderanse adquirir desde mañá en www.ataquilla.com e as de Ferrol estarán dispoñibles proximamente.

Logo da *Roibén* (2022) e dunha simbólica ausencia nos escenarios do país, **Guadi Galego segue a atravesar etapas e dá paso a novos horizontes, sen esquecer que a vida existiu e persiste nela.** Se o pasado mes de setembro presentaba *O.D.A.*, toda unha declaración de intencións sobre o concepto da madurez e a aceptación da vida, de cara ao inicio do 2024 regresa con *Síntese Horizonte*, unha aposta da propia Guadi Galego pola evolución do seu son, pois con cada disco, e con cada espectáculo, foi aprendendo a desaprender do establecido.

En *Síntese Horizonte*, **Guadi Galego reivindica a firme crenza do poder transformador da música ao vivo**. Por iso, para estes tres primeiros exclusivos directos, a artista acompañarase dunha portentosa banda conformada por grandes artistas do país, reunida especialmente para a ocasión. É o caso de **Guillermo Fernández** (guitarra acústica eléctrica e sintetizada), **Rubén Iglesias** (baixo e sintetizadores), **Isaac Palacín** (batería e percusión), **Álex Fernández** (teclados) e dun coro conformado por **Paula Romero, Faia Díaz, Inés Salvado e Rocío Giménez**.

A produción de *Síntese Horizonte* destaca, tamén, tanto pola súa **coidada iluminación** (baixo a dirección e o deseño de Laura Iturralde e José Faro, de NONONON.LAB) **como pola súa posta en escena** (de Marina Oural e Uxía Pedreira -Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento), froito do traballo en común que as artistas desenvolven, desde hai meses, con Guadi Galego baixo a premisa de ofrecer ao público unha experiencia musical única e transformadora.

GUADI GALEGO

É unha das artistas máis relevantes da escena musical galega das últimas décadas. A súa andaina musical comezou sendo ela moi nova, un camiño fiado especialmente a Berrogüeto como vocalista, pianista e gaiteira, e que, co tempo, deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s.

No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*. Logo chegarían os exitosos *Lúas de Outubro e Agosto* (con éxitos indiscutibles como *Chea de vida* ou *Matriarcas*), *O mundo está parado*, *Inmersión*, *Costuras* ou o máis recente *Roibén*, LP que presentou en diferentes puntos da xeografía peninsular. Este outono lanza o sinxelo *O.D.A*, toda unha declaración de intencións sobre a madurez e aceptación da vida, e na que reivindica o dereito a seguir experimentando, pois *O.D.A* non é só un punto de chegada: marca o inicio dunha nova etapa na carreira da artista.

DATAS SÍNTESE HORIZONTE

26 de xaneiro, 20.30 horas - Teatro Principal de Santiago de Compostela

Entradas en www.compostelacultura.gal

27 de xaneiro, 20.30 horas - Teatro Jofre de Ferrol

Entradas á venda proximamente en www.ataquilla.com

13 de abril, 20.00 horas - Teatro Principal de Pontevedra. Ciclo 'Resoan'

Entradas á venda a partir do mércores 29 en www.ataquilla.com

Descarga o [kit de prensa de Guadi Galego](#)

Contacto de prensa

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Management & contratación

Culturactiva | info@culturactiva.org

Manuel Roxo (981 58 28 36)